



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN
DATA 30 DE MARZO DE 2026**

PRESIDENTE:

PABLO DIEGO MOREDA GIL

MEMBROS:

MARÍA JOSÉ PERNAS DIAZ
MANUELA LÓPEZ RODRÍGUEZ
LUCÍA PICOS ANEIROS

AUSENTES:

Excusa a súa asistencia o concelleiro:
ISMAEL DURÁN BEREIJO

SECRETARIA:

ANA VELO RUIZ

INTERVENTORA:

MARÍA CARMEN MENÉNDEZ ARES

Na Casa Consistorial do Concello de Cedeira, ás 13:53 horas do día 30 de marzo de 2026, reúnese a Xunta de Goberno Local co obxecto de realizar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Sres./Sras. Concelleiros/as que arriba se relacionan, actuando como Secretaria da Corporación, dona Ana Velo Ruiz, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 113 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións da Xunta de Goberno Local, declara aberta esta, pasándose ó estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO 20.03.2026

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión realizada en data 20.03.2026, ao non producirse ningunha, a Presidencia somete a votación ordinaria a súa aprobación, da que resulta aprobada por unanimidade dos Sres./Sras. Concelleiros/as.

**2. CAMBIO DE TITULARIDADE DA LICENZA DE EDIFICACIÓN 2024/U022/000026.
EXPEDIENTE 2026/U030/000002**

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 25.03.2026, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo de data 30.03.2026, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Expediente 2026/U030/000002



Asunto: Cambio de Titularidade da Licenza de Edificación 2024/U022/000026.

Visto que con data 18.03.2026 (rex. entrada 0604), en representación de Faro de Cedeira S.L, sociedade da que é administrador único, presenta solicitude de cambio de titularidade da licenza municipal de obra maior (Exp. 2024/U022/000026) para reforma interior e cambio de uso de edificio de vivendas para pensión e cafetería en así como vista a restante documentación que consta no expediente entre a que se atopa escrito de cesión e taxa abonada.

Verificado que con data 06.03.2026 a Xunta de Goberno Local acorda conceder a a licenza de obra maior para reforma interior e cambio de uso de edificio de vivenda para pensión e cafetería en (Exp. 2024/U022/000026)

Considerando o previsto no art.13 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (Dec.17/06/1995).

Polo exposto, **PROPOÑO** que a Xunta de Goberno Local adopte o seguinte acordo:

1º) Tomar coñecemento do cambio de titularidade da licenza de obra maior (Exp. 2024/U022/000026) para reforma interior e cambio de uso de edificio de vivendas para pensión e cafetería a favor de Faro de Cedeira, SL.

2º) Notificar o presente acordo á persoa interesada.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

3. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓNS PARA GASTOS DE COMISIÓNS DE FESTAS DE CEDEIRA DO ANO 2025: COMISIÓN DE FESTAS SAN COSME E SAN ROQUE NIF V70571864. EXPEDIENTE: 2026/G006/000093

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 25.03.2026, que literalmente di:

“**Expediente:** 2026/G006/000093

Asunto: APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓNS PARA GASTOS DE COMISIÓNS DE FESTAS DE CEDEIRA DO ANO 2025: COMISIÓN DE FESTAS SAN COSME E SAN ROQUE NIF V70571864.

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Vistas as bases reguladoras da convocatoria de concesión de subvencións para comisións de festas parroquiais 2025, que foron aprobadas por resolución de alcaldía núm. 375/2025 do 29 de xullo de 2025.

Consta no expediente a documentación xustificativa da subvención presentada pola Comisión de festas San Cosme e San Roque NIF V70571864

Visto o informe favorable de Intervención de data 25 de marzo de 2026 relativo a xustificación da subvención.



Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a proponer á Xunta de Goberno Local o seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar a xustificación dos gastos realizada pola Comisión de festas San Cosme e San Roque NIF V70571864

SEGUNDO. Liberar a garantía depositada polo importe xustificado da subvención, 300,00 €, abonando o importe con cargo ao concepto non orzamentario 20510 (fianzas definitivas, metálico).

TERCEIRO. Ordenar a súa devolución mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade citada que figura na base de datos da contabilidade municipal.

CUARTO. Notificar a presente Resolución á entidade interesada con indicación dos recursos que resulten procedentes.

QUINTO. Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

4. ADXUDICACIÓN DA OBRA DE CONSTRUCCION DUN CENTRO DE ADESTRAMENTO DEPORTIVO ESPECIALIZADO EN CEDEIRA. N° Expediente: 2025/C003/000010

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 27.03.2026, que literalmente di:

“PROPOSTA XGL

Asunto: ADXUDICACIÓN DA OBRA DE CONSTRUCCION DUN CENTRO DE ADESTRAMENTO DEPORTIVO ESPECIALIZADO EN CEDEIRA

N° Expediente: 2025/C003/000010

Mediante o acordo da Xunta de Goberno Local de data 05.12.2025 foi aprobado o expediente de contratación e os Pregos de Cláusulas administrativas que rexerán o contrato denominado “Construción dun centro de adestramento deportivo especializado en Cedeira”, por procedemento aberto simplificado, e así mesmo autorizouse o gasto que supón a súa adxudicación.

Con data 09.12.2025 foi publicado un anuncio na Plataforma de Contratación do Sector Público.

No prazo de presentación de ofertas recibíronse proposicións das seguintes empresas:

| Nº. OFERTA | LICITADOR | DATA E HORA PRESENTACIÓN |
|------------|--|--------------------------|
| 1 | NIF: B74340225 COTO ESTUDIOS Y CONSTRUCCIONES S.L. | 29/12/25 15:56 |

A Mesa de contratación, na súa reunión de data 13 de xaneiro de 2026, acordou:

- 1.- Admitir ao único licitador presentado.



2.- Valorar a oferta presentada aplicando os criterios cuantificables de forma automática contidos no prego de cláusulas administrativas particulares, obtendo o seguinte resultado:

| Licitador | Oferta económica (Sen IVE) (€) | Puntuación oferta económica | Redución prazos | Punt. Reduc prazo | TOTAL |
|-----------------------------|--------------------------------|-----------------------------|-----------------|-------------------|-------|
| COTO ESTUDIOS Y CONSTR S.L. | 555.000,00 | 7,42 | 5 meses | 40,00 | 47,42 |

3.- Comprobar que o licitador que presentou a oferta mellor valorada está inscrito no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, verificando que a empresa está debidamente constituída, que o asinante da proposición ten poder bastante para formular a oferta, que ostenta a solvencia económica, financeira e técnica e non esta incurso en prohibición de contratar.

4.- Requerir, mediante comunicación electrónica, ao licitador que presentou a oferta mellor valorada, para que no prazo de 7 días hábiles a contar dende o envío da comunicación, constituía a garantía definitiva polo importe correspondente ao 5% do prezo final ofertado, IVE excluído, e presente a documentación que proceda segundo a cláusula decimoterceira do prego de cláusulas administrativas particulares.

5.- Elevar ao órgano de contratación proposta de adxudicación do contrato denominado: “Construción dun centro de adestramento deportivo especializado en Cedeira”, a favor do licitador que presentou a oferta mellor valorada:

| PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN | |
|--------------------------|--|
| Licitador: | COTO ESTUDIOS Y CONSTRUCCIONES, S.L. CIF: B74340225 |
| Importe: | 555.000,00 € + 116.550,00 € (IVE). TOTAL: 671.550,00 € |

Con data 18.03.2026 a empresa Coto Estudios y Construcciones, S.L. presentou a través da Sede electrónica do Concello de Cedeira a documentación requirida e a xustificación de ter constituída a garantía definitiva mediante seguro de caución núm. 4.368.293 de data 16.03.2026 da entidade Crédito y Caución por importe de 27.750,00 €.

A Mesa de contratación, reunida con data 25.03.2026, ratifica a súa proposta de adxudicación a favor do seguinte licitador, toda vez que foi revisada a documentación presentada e resulta correcta.

Con data 27.03.2026 emitíuse pola Intervención municipal un informe de fiscalización previa ao compromiso do gasto.

Examinada a documentación citada, e de conformidade co establecido no artigo 159 e na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, **propoño** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Adxudicar o contrato de obra denominado “Construción dun centro de adestramento deportivo especializado en Cedeira”, por procedemento aberto simplificado coas seguintes condicións:



| ADXUDICACIÓN | |
|--------------|--|
| Licitador: | COTO ESTUDIOS Y CONSTRUCCIONES, S.L. CIF: B74340225 |
| Importe: | 555.000,00 € + 116.550,00 € (IVE). TOTAL: 671.550,00 € |
| Prazo: | 7 meses |

Segundo.- Dispoñer o gasto con cargo á partida correspondente do orzamento vixente.

Terceiro.- Notificar á empresa COTO ESTUDIOS Y CONSTRUCCIONES, S.L., adjudicataria, o presente acordo e citala para a sinatura do contrato que se formalizará telematicamente no prazo de quince (15) días hábiles contados a partir do seguinte en que reciba a notificación do presente acordo.

Cuarto.- Publicar o acordo de adxudicación do contrato de obra denominado “Construción dun centro de adestramento deportivo especializado en Cedeira” na Plataforma de Contratos do Sector Público.

Quinto.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 346 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Sexto.- Dar traslado do presente acordo aos servizos municipais de Intervención e Contratación.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

5. ASUNTOS VARIOS

Pola Presidencia sométense a consideración da Xunta de Goberno Local, por razóns de urxencia, as seguintes propostas:

5.1 LICENCIA DE EDIFICACIÓN PARA APERTURA DE OCOS EN FACHADA POSTERIOR DE VIVIENDA UNIFAMILIAR SITA NA . REFERENCIA CATASTRAL

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 30.03.2026, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo de data 30.03.2026, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA”

Expediente: 2025/U022/000011

Asunto: Licenza de edificación para reforma de fachada e apertura de ocós na fachada traseira dunha vivenda unifamiliar sita na _____ a nome de _____
Referencia catastral: _____

Interesado/a:



Situación:

Referencia catastral:

Procedemento: Licenza de edificación

Vista a documentación que consta no expediente, en particular:

Documentación achegada

| | |
|-------------------------------|--|
| Título do documento | PROYECTO TÉCNICO REFUNDIDO DE REFORMA DE FACHADA EN VIVIENDA UNIFAMILIAR |
| Data documento | 09/01/2026 (Sinatura dixital) |
| Redactor/a | Ignacio Pita Graña Arquitecto COAG 4266 |
| Data incorporación expediente | 14/01/2026 |

Informes municipais

| Documento | Data |
|---|------------|
| Informe técnico emitido polo Arquitecto Municipal | 27/03/2026 |
| Informe xurídico emitido pola Técnico de Administración | 27/03/2026 |

Afeccións sectoriais

| Organismo | Afección/Autorización | Doc. | Consta | Observacións |
|---------------------|--|----------|--------|---|
| Patrimonio cultural | Afecta ao Casco Antigo de Cedeira e ao contorno de protección da Muralla-Cerca de Cedeira e doutros bens catalogados | PBA / PX | SI | Autorización favorable da DXPC (expte. XTC-2025-1668.AUI) condicionada a que as particións da carpintaría sexan exteriores e non se dispoñan na cámara de aire. |

CONSIDERACIÓNS URBANÍSTICAS

| | |
|-------------------------------|--|
| Clasificación urbanística PX | Solo urbano |
| Cualificación urbanística PX | Solo urbano residencial en núcleo antigo |
| Clasificación do solo LSG | Solo urbano |
| Cualificación / Categoría LSG | Solo urbano consolidado |



| | |
|--|---|
| Ordenanza aplicable | Ordenanza URNA |
| Finalidade da actuación | Reforma de fachada traseira mediante apertura e regularización de ocós e substitución de carpintarías |
| Uso ó que se destinará | Residencial de vivenda unifamiliar (uso existente) |
| Tipo de obras | Obras suxeitas ao réxime de licenza municipal |
| Categoría das obras | a) Os actos de edificación e uso do solo e do subsolo que, conforme a normativa xeral de ordenación da edificación, precisen de proxecto de obras de edificación. |
| Prazos de inicio das obras | 6 meses |
| Prazo máximo de interrupción das obras | 6 meses |
| Prazos de terminación das obras | 3 anos |
| Prórrogas | É posible solicitalas |
| Redactor/a | Ignacio Pita Graña Arquitecto COAG 4266 |
| Dirección da obra | Ignacio Pita Graña Arquitecto COAG 4266 |
| Dirección de execución da obra | - |
| Coordinación de seguridade e saúde | - |
| Orzamento de execución material | 8.964,73 € |
| Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos: | No seu defecto, os existentes; a actuación non modifica altura, volume, superficie construída nin ocupación. |
| • Altura cornixa: | Existente (sen modificación) |
| • Volume: | Existente (sen modificación) |
| • Superficie construída: | Existente (sen modificación) |
| • Ocupación: | Existente (sen modificación) |

Excepcionalidade normativa habitabilidade

Considerase que a actuación solicitada xustifica que se autorice a excepcionalidade do cumprimento das seguintes determinacións das NHV:

- Anexo I.A.1.2.d) Protección das vistas desde os espazos públicos, unicamente respecto dos novos ocós da planta baixa na fachada traseira.



Condições particulares:

1. Darase cumprimento íntegro ao contido da autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural no expediente XTC-2025-1668.AUI, en particular á condición de que as particións da carpintaría sexan exteriores e non poidan dispoñerse na cámara de aire.
2. As obras deberán executarse conforme ao proxecto técnico refundido achegado, sen introducir modificacións substanciais respecto da solución autorizada e sen menoscabo das condicións de seguridade, salubridade e accesibilidade preexistentes, agás na medida amparada pola excepcionalidade das NHV admitida.
3. Finalizadas as obras, deberá presentarse certificado final de persoa técnica competente e acreditación da correcta xestión dos residuos de construción e demolición.

Polo exposto, en uso das atribucións que me confire a normativa vixente, **PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1.- Conceder a excepcionalidade, en cumprimento do Decreto 29/2010, de Habitabilidade de vivendas de Galicia, e dar traslado do acordo á Dirección Xeral do IGVS, das seguintes determinacións das NHV:

-Anexo I.A.1.2.d) Protección das vistas desde os espazos públicos, unicamente respecto dos novos ocos da planta baixa na fachada traseira.

2.- Conceder, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, a licenza municipal de edificación solicitada.

A presente licenza concédese coas condicións particulares, no seu caso, e as xerais en todo caso.

3.- As obras executaranse de acordo coa documentación técnica contida no expediente.

4.- Advertir ao propietario/a ou promotor/a que, unha vez rematadas as obras, deberá comunicar ao Concello este feito e presentar perante a Xerencia Territorial do Centro de Xestión Catastral e Cooperación Tributario ou neste Concello que, á súa vez, remitirá a documentación de acordo coa lexislación vixente.

De conformidade co disposto no artigo 4.2 da Ordenanza fiscal reguladora do imposto de construcións, obras e instalacións, deberá presentar a autoliquidación do referido imposto no prazo de un mes a contar desde a recepción da notificación do presente acordo, a autoliquidación que terá carácter provisional.

5.- Que se dilixencie a documentación técnica obxecto de licenza.

6.- Incluír na notificación do acordo as condicións xerais e accesorias da licenza aprobadas na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o 3 de xullo de 2020.

7.- Notificar o presente acordo á persoa interesada.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda ratificar a urxencia e aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

5.2 APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA DE AMPLIACIÓN E REFORMA DA PISCINA MUNICIPAL



Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 30.03.2026, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA DE AMPLIACIÓN E REFORMA DA PISCINA MUNICIPAL

Expediente: 2025/C003/000007

O proxecto técnico denominado “Ampliación e reforma da piscina municipal”, cun importe total de 588.790,09 € (IVE incluído), redactado polo arquitecto D. Antonio Iván Rivas Rico (colexiado núm. 3117 COAG) en de 2025, foi aprobado mediante o Pleno da corporación na súa sesión de data 10.09.2025.

Logo do requirimento recibido do Servizo de Patrimonio e Contratación da Excma. Deputación Provincial, con data 03.11.2025 (R.E. 2025/999/2318) o arquitecto D. Antonio Iván Rivas Rico presentou o proxecto técnico emendado e un informe relativo á subsanación de deficiencias detectadas; ambos documentos asinados dixitalmente o 03.11.2025. Este proxecto emendado foi aprobado polo Pleno da corporación na súa sesión de data 07.11.2025.

Con data 22.12.2025 formalizouse coa Excma. Deputación Provincial da Coruña un Convenio de cooperación para o financiamento da obra denominada “Ampliación e reforma da piscina municipal”, mediante o cal este organismo financiará o importe de 300.000,00 €, que representa o 50,95 % do investimento; e o 49,05 % restante será a cargo do Concello de Cedeira.

Consta no expediente a seguinte documentación:

- Memoria xustificativa da necesidade de contratar a obra, asinada pola Alcaldía en data 25.03.2026.
- Prego de cláusulas administrativas particulares, asinado pola Alcaldía con data 26.03.2026.
- Acta e reformulo previo de data 27.03.2026.
- Informe técnico asinado en data 30.03.2026 polo Sr. arquitecto técnico municipal, no que se indica a non necesidade de obtención de autorizacións sectoriais.
- Informe xurídico favorable de data 30.03.2026
- Informe de fiscalización da Intervención municipal favorable, de data 30.03.2026.

Por todo o exposto, e de conformidade co establecido na Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- 1.- Aprobado o expediente de contratación, mediante procedemento aberto, para o contrato de obra denominado "Ampliación e reforma da piscina municipal".
- 2.- Autorizar, en contía de 588.790,09 € IVE incluído (Importe sen IVE 486.603,38 €; IVE 102.186,71 €), o gasto que para este Concello representa a contratación referenciada, con cargo á partida 341.63200 do presuposto municipal.
- 3.- Aprobado o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato de obra denominado "Ampliación e reforma da piscina municipal" por procedemento aberto.
- 4.- Publicar un anuncio de licitación na Plataforma de Contratos do Sector Público, expresando que o prazo de presentación de proposicións será de vinte e seis (26) días naturais desde a súa publicación.”



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda ratificar a urxencia e aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás 13:55 horas do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como Secretaria, dou fe.

O PRESIDENTE
PABLO DIEGO MOREDA GIL

A SECRETARIA
ANA VELO RUIZ